



GUÍA PARA O SEGUIMENTO DAS TITULACIÓNS SUPERIORES DE ENSINANZAS ARTÍSTICAS

Xuño 2015

Documento consensuado coa Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial en virtude do Convenio para o seguimento e a garantía de calidade das ensinanzas artísticas superiores, asinado entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

Edita:

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

Rúa Lamas de Abade, s/n
CIFP Compostela 5ª planta
15702 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 534 173 Fax: 981 534 174

E-mail: acsug@acsug.es

Página Web: www.acsug.es

Este documento é propiedade da ACSUG. Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se cite o seu título e á "Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia" como editora.

ACSUG é membro de pleno dereito de ENQA



ACSUG está incluída en EQAR



ACSUG é membro de ECA



ACSUG ten implantado un Sistema de Xestión da Calidade e do Medio Ambiente certificado por AENOR nas Normas ISO 9001:2008 e ISO 14001:2004. O Sistema de Xestión Medioambiental está verificado positivamente segundo o Regulamento Comunitario de Ecoxestión e Ecoauditoría (EMAS).



ACSUG cumpre coa lexislación vixente en relación á protección de datos



ÍNDICE:**1.- INTRODUCCIÓN****2.- FASES DO PROCESO DE SEGUIMIENTO****3.- DIMENSIÓNS DO PROCESO DE SEGUIMIENTO****ANEXOS:****ANEXO I: INFORMACIÓN MÍNIMA A PUBLICAR****ANEXO II: PLAN DE MELLORAS****ANEXO III: ESTRUTURA DO AUTOINFORME****ANEXO IV: CÁLCULO DE INDICADORES**

1.-INTRODUCCIÓN

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, regula as ensinanzas artísticas superiores sinalando como tales os estudos superiores de música e de danza, as ensinanzas de arte dramática, as ensinanzas de conservación e restauración de bens culturais e os estudos superiores de deseño e de artes plásticas, entre os que se inclúen, os de cerámica e os de vidro.

O artigo 46.2 da Lei Orgánica 2/2006 establece que a definición do contido e da avaliación das ensinanzas artísticas superiores se fará no contexto da ordenación da educación superior española no marco europeo e coa participación do Consello Superior de Ensinanzas Artísticas e, no seu caso, do Consello de Coordinación Universitaria.

O Real Decreto 1614/2009, do 26 de outubro, modificado polo Real Decreto 21/2015, do 23 de xaneiro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores, reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, recolle no artigo 19.1 o compromiso das Administracións educativas de impulsar sistemas e procedementos de avaliación interna e avaliación externa periódicas da calidade destas ensinanzas tomando como referencia criterios definidos e regulados no contexto do Espazo Europeo de Educación Superior.

A avaliación da calidade destas ensinanzas ten como obxectivo mellorar a actividade docente, investigadora e de xestión dos centros, así como fomentar a excelencia e mobilidade de estudantes e profesorado.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, tras a sinatura dun convenio de colaboración coa Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e segundo o establecido no artigo 7.2.a dos seus estatutos e en conformidade co recollido no artigo 17.4 do RD 1614/2009, a ACSUG é o órgano de avaliación responsable de establecer e aplicar os procedementos para o seguimento das ensinanzas artísticas superiores na Comunidade Autónoma de Galicia. O proceso de seguimento dos títulos rexistrados, basearase, tal e como establece a normativa vixente, na revisión da información pública dispoñible e nos autoinformes de seguimento anual elaborados polas titulacións, ata o momento no que deban someterse a avaliación para obter a acreditación ou renova-la.

O proceso de seguimento das ensinanzas artísticas superiores ten como obxectivos:

- Ser unha ferramenta útil para a xestión dos centros, que lles permita a avaliación do desenvolvemento das súas ensinanzas a partir da análise de datos e indicadores, así como a elaboración de propostas de mellora que sirvan para corrixir as desviacións observadas entre o deseño dos títulos e o seu desenvolvemento ordinario.
- Asegurar a dispoñibilidade da información pública pertinente e relevante aos diferentes axentes implicados.
- Facilitar o proceso de acreditación das titulacións, momento no que todos os centros recibirán a visita dunha comisión de avaliación externa para a análise, in situ, das evidencias de cada titulación obxecto de acreditación.

O proceso de seguimento da ACSUG adáptase á normativa actual vixente e considera ademais que ter deseñado e implantado nos centros un Sistema de Garantía da Calidade¹ (SGC) é un factor estratéxico básico para conseguir unha mellora continua das titulacións.

Esta guía ten por obxecto orientar aos centros que imparten ensinanzas artísticas superiores na elaboración dos autoinformes de seguimento das súas titulacións e, á vez, servir como instrumento para a avaliación externa dos ditos autoinformes

A estrutura deste documento é similar á da *Guía de Seguimento de Títulos Oficiais de Grao e Máster* elaborada por ACSUG, unicamente se adaptan os elementos da información pública e os indicadores ás características das ensinanzas artísticas superiores.

¹ ACSUG, dentro do programa FIDES-AUDIT, elaborou guías de apoio para o deseño e a certificación dos SGC dos centros: *Guía para o Deseño dos Sistemas de Garantía de Calidade* e *Guía para a Certificación da Implantación dos Sistemas de Garantía de Calidade*. Dispoñibles na páxina web da ACSUG.

2.- FASES DO PROCESO DE SEGUIMENTO

O proceso de seguimento das ensinanzas artísticas superiores leva consigo a elaboración anual dun autoinforme por titulación. Os responsables académicos do seguimento das titulacións de cada centro analizarán e xerarán un autoinforme de seguimento por cada unha das titulacións.

Os autoinformes de seguimento deben servir como documento de análise que permita aos responsables das titulacións, dos centros e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria tomar as decisións pertinentes para a mellora das ensinanzas. Este proceso debe ser coñecido, non só polos órganos de goberno do centro, senón que debe implicar a toda a comunidade académica, incluíndo o profesorado que intervéñ na titulación.

Fases:

- 1) Elaboración e aprobación dun autoinforme de seguimento anual de cada unha das titulacións de ensinanzas artísticas superiores, seguindo o formato recollido no **Anexo III** desta guía. O curso académico obxecto de valoración no proceso de seguimento é o rematado no mesmo ano natural da elaboración do autoinforme. Poderase acompañar dun plan de melloras da titulación, conforme ao **Anexo II**, ou seguindo o formato establecido no Sistema de Garantía de Calidade do centro.
- 2) Envío do autoinforme á ACSUG, para a súa avaliación, no mes de novembro (data establecida para os títulos oficiais universitarios). O dito autoinforme remitirase con copia á Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial.
- 3) Análise e valoración do autoinforme de seguimento e da información pública dispoñible na web da titulación (**Anexo I**) pola Comisión Específica de Avaliación de Artes e Humanidades nomeada pola ACSUG. O centro será informado da composición desta comisión de avaliación, podendo recusar, por causa xustificada, a calquera dos seus membros.
- 4) Emisión e envío ao centro dun informe de avaliación², con recomendacións para a mellora, elaborado pola Comisión Específica de Avaliación da ACSUG tras a análise e a valoración do autoinforme de seguimento e da información

² O centro conta cun prazo de 20 días naturais para a presentación de alegacións ao contido do informe de avaliación emitido pola ACSUG.

pública de cada titulación obxecto de seguimento. O dito informe remitirase con copia á Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial.

Para o desenvolvemento do proceso de avaliación do seguimento das ensinanzas artísticas superiores, ACSUG conta co apoio de comisións de avaliación formadas por expertos externos de recoñecido prestixio. As comisións están compostas por vogais académicos, profesionais e estudantes, seguindo os criterios de nomeamento establecidos, para o efecto, pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) e públicos na páxina web da ACSUG.

3.- DIMENSIONES DO PROCESO DE SEGUIMIENTO

O proceso de seguimento require analizar **tres dimensións**:

- **Dimensión 1: Información pública.** Analízase a información relevante que o centro fai pública de cada unha das titulacións obxecto de seguimento.
- **Dimensión 2: Cumprimento do proxecto establecido.** Valorarase a reflexión realizada pola titulación dos diferentes criterios, debidamente argumentada e apoiada en datos e resultados. No caso de detección de desviacións nalgún dos criterios deben aportarse as propostas de mellora establecidas para solventalas (**Dimensión 3 e Anexo II**). A reflexión de cada un dos criterios debe incluír, como mínimo, unha reflexión sobre os datos e indicadores que se numeran no **Anexo I**.
- **Dimensión 3: Plan de melloras da titulación.** Valorarase a coherencia entre as accións de mellora establecidas polo centro e as valoracións recollidas nas outras dúas dimensións. A partir do segundo ano de seguimento valoraranse tamén as accións levadas a cabo pola titulación para dar resposta ás recomendacións para a mellora establecidas nos informes de avaliación externa emitidos pola ACSUG.

Os aspectos contidos en cada dimensión non constitúen unha listaxe pechada, senón unhas pautas para guiar a reflexión e posterior avaliación do autoinforme. Isto implica que, tanto o centro como as comisións de avaliación poden entrar a valorar calquera outro aspecto que se considere relevante para a titulación en cuestión e que non estea incluído nas dimensións.

DIMENSIÓN 1. INFORMACIÓN PÚBLICA

A institución debe publicar na web información relevante, completa e actualizada sobre a titulación e garantir o seu fácil acceso para todos os axentes implicados (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

Directrices:

- ✓ O centro publica na súa web información completa relacionada co desenvolvemento operativo da titulación. A información mínima relevante a publicar do título está recollida no **Anexo I**.
- ✓ A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido das guías docentes/ memoria da titulación.
- ✓ A organización da información garante que todos os grupos de interese teñan un fácil acceso aos aspectos máis relevantes da titulación. A información presentase de xeito claro para os distintos grupos de interese.

DIMENSIÓN 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

A institución debe analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos da titulación se está desenvolvendo conforme ao establecido na memoria/programa formativo o que permite aos estudantes unha adquisición correcta das competencias. A análise valorativa da titulación debe enfocarse como unha reflexión dende unha perspectiva académica do funcionamento da titulación a partir da información derivada de datos e indicadores. O análise constará dun **autoinforme** do curso finalizado e, no caso de detección de desviacións na aplicación do proxecto establecido, dun **plan de melloras da titulación** de aplicación no seguinte curso.

Directrices:

O autoinforme debe incluír, como mínimo:

- ✓ Xustificación da titulación (relación oferta/demanda,...).
- ✓ Valoración do procedemento de acceso e admisión (mecanismos de captación e acollida, orientación, probas de acceso, perfil de ingreso real da titulación, recoñecemento de estudos...)
- ✓ Valoración da planificación das ensinanzas (coherencia da estrutura do programa formativo: denominación de módulos/materias, créditos, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo, desenvolvemento de actividades, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, etc., coordinación docente (horizontal e vertical³), prácticas externas, mobilidade, consecución de obxectivos e competencias...)
- ✓ Valoración dos recursos humanos: perfil académico/profesional, suficiencia e adecuación do profesorado que imparte docencia na titulación e doutros recursos humanos de apoio dispoñibles para o desenvolvemento do plan de estudos. Aportar información sobre a porcentaxe de profesorado doutor sobre a plantilla total da titulación.
- ✓ Valoración dos recursos materiais e servizos: suficiencia e adecuación dos recursos materiais e infraestruturas a disposición da titulación.
- ✓ Valoración dos indicadores de satisfacción e rendemento académico (taxas de rendemento, abandono, eficiencia, graduación e éxito [desagregados por titulación e por materia] e valoración dos resultados de satisfacción dos distintos grupos de interese consultados sobre a titulación. Deberanse incluír os resultados de inserción laboral.
- ✓ Se a institución ten implementado un Sistema de Garantía de Calidade (SGC), valoración e análise do grado de implantación do mesmo no centro.

³ Coordinación horizontal: entre docentes da mesma materia/disciplina, dentro do departamento, etc.

Coordinación vertical: entre os diferentes niveis orgánicos de actuación do centro: alumnado, docente, departamento, xefatura e estudos, etc.

DIMENSIÓN 3. PLAN DE MELLORAS DA TITULACIÓN

No caso de detección de desviacións na aplicación do proxecto establecido, o centro debe elaborar un **plan de melloras da titulación**. Este será de aplicación no seguinte curso. O plan debe ser coherente coa valoración global da Dimensión 1 e coa análise valorativa realizada pola titulación en cada un dos criterios da Dimensión 2.

O **plan de melloras anual da titulación** debe incluír os seguintes apartados:

- ✓ Propostas de mellora en relación coa dimensión **1. Información Pública**.
- ✓ Propostas de mellora derivadas da valoración dos diferentes criterios (Dimensión 2.Cumprimento do proxecto establecido)
- ✓ Seguimento das propostas de mellora de anos anteriores, indicando o grao de execución de cada unha delas.

Importante: Cada proposta de mellora debe elaborarse conforme ao **Anexo II: Plan de Melloras**, ou seguindo o formato establecido no Sistema de Garantía de Calidade do propio centro.

ANEXO I: INFORMACIÓN MÍNIMA A PUBLICAR

INFORMACIÓN PÚBLICA SOBRE A TITULACIÓN
Denominación da titulación
Número de créditos e duración da titulación
Responsable de calidade do centro
Tipo de ensinanza (presencial, semipresencial, a distancia)
Número de prazas de novo ingreso ofertadas
Idiomas en que se imparte o título
Saídas profesionais
Perfil de egreso
Normativa de permanencia
Normativa de recoñecemento de créditos
Obxectivos da titulación
Competencias
Perfil de ingreso recomendado da titulación
Período e procedemento de matrícula
Criterios de acceso e admisión
Condições ou probas de acceso
Procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso/ Plan de acción tutorial
Estrutura do plan de estudos: asignaturas ⁴ ou materias, carácter (básica, obrigatoria, optativa) contidos en créditos ECTS, organización temporal, seminarios, traballos dirixidos e outras actividades formativas.
Guías docente, esta debe incluír a programación docente ⁵ de cada curso académico
Traballo fin de titulación (normativa, enfoque, tipoloxía, etc.)
Prácticas externas/profesionais (normativa xeral, institucións con convenio...)
Calendario académico/Horarios
Programas de mobilidade (normativa xeral, institucións con convenio...)
Descrición do profesorado da titulación (perfil académico e/ou profesional,...)
Descrición doutros recursos humanos necesarios e dispoñibles para o desenvolvemento do plan de estudos
Instalacións, servizos (Aulas, biblioteca laboratorios, talleres, salas de informática, salas de estudo) e equipamentos.
Outros servizos dispoñibles
Documentación SGC (Órgano responsable, política e obxectivos de calidade, manual e procedementos...)

⁴ Tipo de asignatura, denominación, número de créditos, competencias, contidos, metodoloxía, sistema de avaliación, titorías, calendario e horario, responsable docente, idioma en que se imparte.

⁵A guía docente pode articularse por materia/asignatura. Os contidos mínimos de información pública deberían incluír: denominación e carácter da materia/asignatura, número de créditos, competencias, contidos, metodoloxía de ensinanza, sistema de avaliación, titorías, calendario e horario e profesorado.

INFORMACIÓN PÚBLICA SOBRE DATOS E INDICADORES DA TITULACION	
Criterios	Datos e indicadores da titulación
Acceso e matrícula	Número de prazas ofertadas de novo ingreso
	Evolución do número de estudantes matriculados por curso académico
	Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico
	Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso
	Porcentaxe de estudantes que superan as probas de acceso (número de estudantes que se presentaron as probas de acceso)
	Ratio estudantes que superan as probas/estudantes matriculados
Profesorado	Porcentaxe de profesorado a tempo completo sobre a plantilla total da titulación
	Porcentaxe de profesorado a tempo parcial sobre a plantilla total da titulación
	Porcentaxe de horas de docencia impartida por profesorado a tempo completo
	Porcentaxe de horas de docencia impartida por profesorado a tempo parcial
	Porcentaxe de profesorado funcionario sobre a plantilla total da titulación
	Porcentaxe de profesorado con destino definitivo sobre a plantilla total da titulación
Prácticas externas (pasar ao seguinte apartado)	Porcentaxe de estudantes que realizan prácticas externas (menos aos que se recoñecen)
	Evolución da porcentaxe de estudantes que realizan prácticas externas
Mobilidade	Porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade (entrada e de saída)
	Evolución da participación dos estudantes en programas de mobilidade Entrada e de saída
Resultados académicos	Taxa de graduación
	Taxa de abandono (en primeiro curso e no conxunto da titulación)
	Taxa de eficiencia
	Taxa de rendemento (en primeiro curso e no conxunto da titulación)
	Taxa de éxito
	Evolución dos resultados académicas da titulación
Satisfacción	Satisfacción do alumnado co programa formativo
	Satisfacción do profesorado co programa formativo
	Evolución dos resultados das enquisas de satisfacción

ANEXO II: PLAN DE MELLORAS

CRITERIO⁶	
Denominación da proposta	
Punto débil detectado	
Ámbito de aplicación	
Responsable da súa aplicación	
Obxectivos específicos	
Actuacións a desenvolver	
Período de execución	
Recursos/financiamento	
Responsable do seguimento	
Indicadores de execución	
Observacións	
A cumprir só se foi executada (total ou parcialmente)	
Nivel de cumprimento	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

ANEXO III: ESTRUCTURA DO AUTOINFORME

⁶ Criterios:	
Xustificación	Recursos materiais e servizos
Acceso e admisión	Indicadores de satisfacción e rendemento académico
Planificación das ensinanzas	Sistema de garantía de calidade
Recursos humanos	—

1.- DATOS DA TITULACIÓN⁷	
Denominación da titulación	
Curso de implantación da titulación	
Datos do centro no que se imparte <ul style="list-style-type: none"> ○ Denominación ○ Dirección ○ Teléfono ○ Correo electrónico 	
Curso académico obxecto de seguimento	2014/2015
Datos do responsable de calidade do centro <ul style="list-style-type: none"> ○ Nome e apelidos ○ Teléfono ○ Correo electrónico 	
Órgano responsable da elaboración do autoinforme	
Órgano responsable da aprobación do autoinforme	
Data de aprobación do autoinforme	

DIMENSIÓN 1: INFORMACIÓN PÚBLICA
Enlace á páxina web da titulación:
Observacións:

⁷ Portada do autoinforme de seguimento

DIMENSIÓN 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO**Análise valorativo do cumprimento do proxecto establecido por criterio****Xustificación:****Acceso e admisión:****Planificación das ensinanzas:****Recursos humanos:****Recursos materiais e servizos:****Indicadores de satisfacción e rendemento académico:****Deseño e da implantación do SGC:****DIMENSIÓN 3. PLAN DE MELLORAS DA TITULACIÓN****Plan de melloras da titulación***

*Seguindo o formato establecido no Anexo II ou no Sistema de Garantía de Calidade do propio centro.